


EDILIM BIOXEOAVENTURAS 1º E.S.O.
MANUAL DE USO PARA O ALUMNO/A

Os **libros LIM** ofrecen unha serie de actividades a realizar, algunhas delas son **interactivas** e outras expoñen determinados **contidos** de cada unidade didáctica.

1º)Cando abres un libro LIM, na pantalla atoparás as seguintes iconas na parte dereita da pantalla:



A función de cada unha delas é a seguinte:



a) A barriña azul permitirache ocultar ou facer visible toda esta barra lateral dereita con iconas.



b) Esta icona permitirache poder ver o libro LIM en pantalla completa.




c) O símbolo co “i” permite que accedas ó informe de avaliación da actividade. No informe aparece o número de todas as actividades interactivas do LIM, o número de intentos realizados para resolver cada unha delas, o resultado, e a porcentaxe de acertos. No caso de que a actividade estea incluída na Aula Virtual do centro educativo, o profesor/a poderá acceder a ditos resultados.



d) Mediante esta icona activarás un menú despregable que aparecerá na parte esquerda do libro virtual co cal poderás desprazarte a diferentes seccións sen ter que pasar todas as páxinas.

Introdución
Universo
Sistema Solar
A Terra
A Lúa
Mareas
Eclipses
Reforzo
Ampliación
Repaso

Para desactivar o menú terás que clipear de novo na icona.



e) Cliqueando nesta icona accederás a o manual de uso para o alumnado, ou sexa, este documento.




f) Esta icona indícache en que páxina do libro te atopas. Tamén poderás ter unha referencia do teu avance pola lonxitude da liña negra horizontal situada na parte superior, sobre as actividades. Canto maior lonxitude máis perto estás do final.

Biología e Xeoloxía 1º ESO

Xeoaventuras no Universo e a Terra

Biología e Xeoloxía 1º ESO

Xeoaventuras no Universo e a Terra




g) Estas dúas frechas permiten avanzar ou retroceder, páxina por páxina, no libro interactivo.

2º) Na parte inferior dereita da pantalla aparece a icona de comprobación. Debes de clicar nela cando xa tteñas rematada a actividade.


Enlaza os textos para explicar a orixe do noso sistema solar



a) En caso de acertar aparecerá unha mensaxe como esta acompañada do son dun gong.




b) Pola contra, en caso de erro aparecerá outra mensaxe como esta acompañada do son dun boing.



3º) Na parte superior de cada páxina do libro aparece a temática da actividade que se vai realizar e na parte inferior aparecen unhas breves instrucións do que debes de facer (ler, completar, escribir, buscar en internet,...).



4º) Ás veces podería acontecer que algún texto non se vexa completo, polo que deberías de mover cara arriba ou abaixo a frecha para poder ver o texto ou imaxe completa.



5º) Cando teñas que escribir una resposta debes de facelo con exactitude, incluídos os acentos gráficos.



6º)Na derradeira páxina sempre atoparás unhas ligazóns con documentos para o profesor/a.

Xeoaventuras no Universo e a Terra

Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO

GUÍA DIDÁCTICA

Guía didáctica

Documento técnico (galego)

Documento técnico (castelán)

Referencias e licenzas

Licenza

Ligazóns coa documentación didáctica do ODE

- a) Guía didáctica do ODE Edilim “Bioxeoaventuras 1ºESO”.
- b) Documento técnico de instalación e uso para o profesor/a (en galego).
- c) Documento técnico de instalación e uso para o profesor/a (en castelán).
- d) Referencias e licenzas, onde se informa da autoría das imaxes e audios de contido alleo presentes no ODE.
- e) Licenza do ODE Edilim “Bioxeoaventuras 1ºESO”.